



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Exp: 143/2025 relacionado co 3/2025

BASES E CONVOCATORIA PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 4 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, PARA O PROXECTO “CONTRATACIÓN PERSOAL PLAN MÁIS PROVINCIA 2025”, DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (LIÑA 3) SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Vistas as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025” liña 3, da Deputación Provincial de Pontevedra publicadas no BOPPO nº1, do 2 de xaneiro de 2025.

Vista a concesión da subvención con nº de rexistro de entrada 2025-E-RC-155 da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 31/01/2025.

Vistos os RCs nº 2025/EP/000010 e 2025/EP/000136 de datas 17/01/2025 e 11/02/2025 respectivamente.

Vistas as BASES PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 4 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, PARA O PROXECTO “CONTRATACIÓN PERSOAL PLAN MÁIS PROVINCIA 2025”, DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (LIÑA 3) SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, asinadas pola Alcadía en data 11/02/2025.

Visto o informe da Secretaría-Intervención de data 11/02/2025.

Considerando que as BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, aluden á precisa utilización da modalidade de contratos de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, regulados na Disposición adicional 9ª do Texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro.

Considerando a memoria xustificativa da necesidade de 16/01/2025 obrante no expediente e considerando que a presente contratación responde a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia, así como a necesidades que afectan a funcións prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza.

De acordo coas atribucións do meu cargo que me confire a Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local, resolvendo a discrepancia manifestada pola interventora no seu informe de 11/02/2025, e coa motivación recollida na memoria de Alcadía de 16/01/2025, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar as seguintes bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de CATRO prazas de PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS (en xornada de 30 h/sem 9 meses),





dentro da contratación persoal plan máis provincia 2025 (LIÑA 39) da Deputación Provincial de Pontevedra, para o proxecto “contratación persoal plan máis provincia 2025”

“BASES PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 4 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS, PARA O PROXECTO “CONTRATACIÓN PERSOAL PLAN MÁIS PROVINCIA 2025” , DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (LIÑA 3) SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Base primeira.- Obxecto

A Deputación de Pontevedra concedeu ao Concello de Pazos de Borbén, unha subvención para levar a cabo a contratación de persoal a través do proxecto “contratación persoal plan máis provincia 2025” na súa liña 3: “Activación do Emprego 2025”.

Base segunda.- Tipo de contrato.-

Estas bases regulan o proceso de selección para contratar, con carácter laboral temporal de duración determinada.

CATRO PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS - CÓDIGO DE OCUPACIÓN 96011029.

Duración do contrato: 9 (NOVE) meses con xornada laboral de 30 horas semanais
Categoría profesional : peón/operario/ axudante, grupo de cotización 10, código de ocupación D.

As retribucións salariais brutas, incluídas as prorratas das pagas extras, segundo o Salario Mínimo Interprofesional :

- Salario bruto incluídas as pagas extras= 1.058,40€
- S.S. a cargo da empresa...= 407,17€

Base terceira.-Prazas.-

CATRO prazas de PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS dentro do plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (liña 3), para o proxecto “contratación persoal plan máis provincia 2025”.

Base cuarta.-Publicidade do procedemento.-

Para garantir o principio de publicidade, ademais da solicitude de oferta a Oficina do Servizo Público de Galicia, publicaranse as bases desta convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>.

Base quinta.-Requisitos dos aspirantes.-

Para seren admitidos na realización do proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán posuír na data de finalización da presentación de solicitudes, e manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

- a) Ter cumprido dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.





- c) *Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.*
- d) *Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.*
- e) *Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.*

Base sexta.- Requisitos a cumprir segundo a subvención pola cal se solicita os fondos:

De acordo coa subvención, o Concello de Pazos de Borbén debe contratar persoas desempregadas, inscritas no Servizo público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego (tanto no momento da selección como no da formalización do contrato), para o cal débese presentar a correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo, segundo a base cuadraxésimo primeira, capítulo III. Liña 3, activación do emprego 2025 das bases reguladoras do plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (liña 3) publicado no BOPPO nº1, do 2 de xaneiro de 2025.

“As traballadoras e traballadores que se contraten para realizar as obras ou prestar os servizos polos que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e que estean dispoñibles para o emprego, sen prexuízo das convocatorias públicas que o Concello poida levar a cabo. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

Os concellos beneficiarios da subvención solicitarán as persoas traballadoras que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego, cos modelos normalizados para os efectos, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, coa obriga de presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación”

Base sétima.- Prazo de presentación das solicitudes e documentación.-

*Os aspirantes que se relacionen no listado remitido polo SEPEG, poderán presentar a súa solicitude en instancia dirixidas ao Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Pazos de Borbén, **anexo I, ata o día 18/02/2025**. O SEPEG notificará aos candidatos da lista para que os que desexen presenten a solicitude e documentación correspondente aos criterios de inserción socio-laboral. Ademais o Concello de Pazos de Borbén publicará na páxina web institucional www.pazosdeborben.org, na sede electrónica <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>, así como no taboleiro de anuncios sito*





nas dependencias do Concello de Pazos de Borbén, Pazos nº52 (Pazos de Borbén) o listado de candidatos recibidos.

A instancia deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Copia do DNI.*
- b) Copia da tarxeta de demandante de emprego.*
- c) Declaración xurada de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade previstas na lexislación vixente, incluída na solicitude.*
- d) Declaración de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto.*
- e) Declaración de non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo*
- f) Documentación xustificativa dos criterios socio-laborais de inserción expostos na base oitava.*

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello (Lugar de Pazos nº52. 36841 Pazos de Borbén) en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de correos antes de ser certificadas. No caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir por fax, ao número 986.49.71.46, unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo do solicitude, aos efectos de que poida ser incluída na relación de aspirantes ao proceso.

**Base Oitava.- Procedemento de selección.-
O proceso de selección contará con dúas fases:**

Fase A: *consistirá nunha valoración de criterios de inserción socio-laboral, segundo a base cuadraxésima primeira, capítulo III. Liña 3, activación do emprego 2025 das bases reguladoras do plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (liña 3) publicado no BOPPO nº1, do 2 de xaneiro de 2025, coas seguintes puntuacións:*

- A. PERSOAS PARADA DE LONGA DURACIÓN (1,10 puntos)**
Acreditarse mediante certificado ou informe da oficina de emprego.
- B. MULLERES CON BAIXA CUALIFICACIÓN (1,05 puntos)**
Considéranse persoas de baixa cualificación a aquelas que non alcanzasen os estudos correspondentes de bacharelato ou ciclo formativo de grao medio do sistema de formación profesional. Acreditarse cunha declaración responsable.
- C. MAIORES DE 45 ANOS 1,0 PUNTOS (1 punto)**
Acreditarse co DNI





D. PERSOAS MOZAS, ESPECIALMENTE CON BAIXA CUALIFICACIÓN (0,90 puntos)

Considéranse persoas de baixa cualificación a aquelas que non alcanzasen os estudos correspondentes de bacharelato ou ciclo formativo de grao medio do sistema de formación profesional. Acreditarase cunha declaración responsable.

E. PERSOAS QUE ACREDITEN UNHA DISCAPACIDADE FÍSICA OU SENSORIAL SUPERIOR AO 65 % OU PERSOAS CON DISCAPACIDADE QUE PRESENTEN MAIORES DIFICULTADES DE ACCESO AO MERCADO DE TRABALLO NOS TERMOS RECOLLIDOS NO ÚLTIMO PARÁGRAFO DO ARTIGO 50.1 DA LEI 3/2023, DE 28 DE FEBREIRO, DE EMPREGO, (0,80 puntos)

Este criterio acreditarase co certificado correspondente.

F. VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (0,70 puntos)

A muller vítima de violencia de xénero (de se-lo caso) acreditarase consonte a seguinte documentación:

- Fotocopia da certificación da orde de protección ou da medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na lei.
- Informe dos servizos sociais, sanitarios de administración pública, autonómicos ou locais.
- Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Calquera outro establecido regulamentariamente.

G. AS PERSOAS CANDIDATAS QUE FORMEN UNHA FAMILIA MONOPARENTAL CON FILLOS OU FILLAS O SEU CARGO: (0,60 puntos)

O criterio de ser familia monoparental con fillos o cargo (de se-lo caso) acreditarase coa fotocopia do libro de familia

H. PERSOAS CON NIVEIS DE RENDA MAIS BAIXAS: (máximo 0,50 puntos)

Os ingresos da unidade familiar acredítanse mediante certificado da declaración do IRPF do último exercicio fiscal (2023), mediante a seguinte fórmula (casiña 435 + casiña 460 - casiña 595) coas seguintes consideracións:

- O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.
- O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF e polo tanto só se poñen os dous proxenitores se están casados e as persoas descendentes só se terán en conta se son menores de 18 anos.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR	PUNTOS
0€ – 1.200,00€	0,50
1.201,00€ – 2.400,00€	0,40
2.400,01€ – 3.600,00€	0,30
3.600,01€-4.800,00€	0,20
4.800,01€ - 6.000,00€	0,10
+ 6.000,01€	0





Fase B: Proba práctica, de carácter obligatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo. Esta proba terá como finalidade a avaliación de competencias e destrezas profesionais dos aspirantes a hora da súa adecuación o posto de traballo e terá unha **valoración máxima de 4 puntos, sendo eliminados todos aqueles aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 2 puntos. A proba práctica realizarase o 19/02/2025 ás 9:00 na nave do Concello de Pazos de Borbén.**

Os aspirantes deberán acudir as probas provistos do DNI nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que for a causa que lles impidira acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal.

A participación neste proceso selectivo suporá, por parte dos solicitantes, a súa aceptación a formar parte da devandita lista enviada polo SEPE, nos termos da normativa vixente de protección de datos de carácter persoal, previstos na **Lei Orgánica Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales**, e informámoslle que os seus datos persoais serán rexistrados nos ficheiros automatizados do **CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN “FICHEIRO DE SELECCIÓN DE PERSOAL” (BOPPO Nº98, 23/05/2012)**, coa finalidade de xestionar a súa solicitude no proceso de selección. Mediante a facilitación dos seus datos persoais, os titulares dos mesmos consenten expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación do proceso selectivo no que solicita participar e xestionar a lista de reserva, chamamentos e nomeamentos que se deriven da mesma. Os seus datos non poderán ser cedidos, salvo cesións previstas na Lei. En todo momento poderá usar os seus **dereitos de acceso, cancelación, rectificación, oposición** mediante un escrito dirixido a Concello de Pazos de Borbén, Rúa Pazos nº 52 - 36841 - Pazos de Borbén (Pontevedra) ou por e-mail a concello@pazosdeborben.org, achegando en ambos os casos copia do D.N.I.

Si algunha das persoas incluídas na oferta solicita que non se inclúan os seus datos no citado ficheiro non poderá continuar no proceso de selección.

Base novena.-Tribunal cualificador.-

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e 59 da lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e estará composto polos seguintes membros.

Un presidente: Roberto Carlos Costa Tellado

Secretaria: María Begoña Tellado (con voz e voto).

Tres vogais:

1º Jose Manuel Soto Virulegio

2º David Rial Sobrino

3º Alejandro Reguera Varela

Suplentes:

Presidente: María del Rosario González Sánchez





Secretaria: María Isabel Fragueiro Piñeiro (con voz e voto).

Vogais suplentes:

- 1. Vanesa Boullosa Peralba.*
- 2. María Luz Divina Otero Camiña.*
- 3. Pilar Fernández Alonso.*

Os integrantes do tribunal serán designado polo concello de Pazos de Borbén. Tódolos vogais do Tribunal Cualificador deberán ter nivel de titulación académica ou de especialización profesional igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas obxecto desta convocatoria.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Alcalde cando concorran neles algunha circunstancia previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da citada Lei 40/2015.

Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as indemnizacións pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida e de conformidade co previsto no 29 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de Indemnizacións por razón de servizo.

Base décima.- Relación de aprobados e recursos.-

A listaxe provisional de aprobados será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal> concedéndolles un prazo de dous días hábiles seguintes para presentar reclamacións.

A listaxe definitiva de seleccionados para contratación será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>

Contra a acta de valoración de méritos do Tribunal poderá interpoñerse recurso de alzada anta a alcaldía-presidencia de conformidade co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Base décimo primeira.- Funcionamento da lista

Concello de Pazos de Borbén publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>, a listaxe de integrantes da lista aos que se procede a chamar para cubrir as prazas correspondentes, outorgándoselle un prazo de 2 días hábiles para que manifesten se están dispostos a aceptar a oferta para cubrir a vacante ou vacantes que se pretenden cubrir, respectando en todo caso o lugar se ocupe na lista de reserva. Aqueles que figuren no chamamento e non manifesten en prazo que están dispostos a aceptar a oferta ou contesten rexeitando a oferta considerarase que renuncian.





Aquel/a ou aqueles/as dos/as integrantes da lista que, sendo chamados/as, manifesten dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior que están dispostos/as a aceptar a oferta, de acordo coa orde que figure na lista de reserva e ata o número máximo de prazas ou postos a cubrir, serán propostos para ser contratados/as como persoal laboral temporal, segundo o caso, a cuxos efectos deberán presentar a documentación que se sinala a continuación, no prazo máximo de 24 horas hábiles dende a publicación da proposta no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>:

—Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

—Fotocopia da cartilla da S.S.

—Número de conta bancaria cos 20 díxitos.

—Declaración responsable de non padecer padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.

A omisión ou defecto emendable nalgún dos documentos anteriores dará lugar á concesión dun prazo de 1 día hábil para a súa achega ou subsanación que se contará desde o seu requirimento efectuado pola unidade de Persoal que poderá ser ben mediante chamada telefónica ou ben mediante correo electrónico, para unha maior axilidade na súa tramitación, así mesmo tamén se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>

En ningún caso este prazo suporá ampliación do prazo procedente para a concorrencia dos requisitos esixidos á data da convocatoria.

Pola alcaldía procederáse a contratación laboral do/a candidato/a que corresponda que dentro do prazo indicado presente a documentación referida e acredite que reúne os requisitos esixidos nesta convocatoria.

En caso contrario, salvo casos de imposibilidade suficientemente acreditada, o/a candidato/a que non cumpra co establecido no parágrafo anterior non poderá ser contratado/a ou nomeado, quedando anuladas todas as actuacións e sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, poderá ter incorrido por falsidade nos datos declarados na instancia.

A resolución de contratación laboral publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal> durante un prazo de 1 mes, co seu réxime de recursos.

Aqueles que figuren na proposta de contratación ou nomeamento pero non acheguen a documentación no prazo indicado, poderá considerarse que renuncian as prazas ou postos ofertados, debendo neste caso propor a contratación/nomeamento aos seguintes que foran chamados e aceptasen a oferta, pola orde que figuren na lista e ata o número máximo de prazas ou postos a cubrir, procedéndose da mesma forma.

Rematado o proceso selectivo, elaborase unha lista de reserva, con validez de oito meses contados dende o inicio da contratación obxecto destas bases.

Base décimo segunda.- Carácter vinculante das bases e incidencias

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, o tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso selectivo. O tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderá optar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.





Base décimo terceira.- Disposición final.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven dela e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A administración Municipal tamén poderá, no seu caso, revisalas resolucións do tribunal segundo o previsto na Lei 39/2015.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CATRO PRAZAS DE PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA 2025-LIÑA 3) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA.

Nome _____ Apelidos _____

DNI _____ Data de nacemento _____

Enderezo _____ Nº _____ Piso _____

Poboación _____ Provincia _____ C.P. _____

Teléfonos de contacto: _____ / _____

E-mail : _____

Documentación:

- COPIA AUTÉNTICA DO DNI
- COPIA AUTÉNTICA DA DAMANDANTE DE EMPREGO
- DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS SOCIO-LABORAIS

0 _____

0 _____

0 _____

0 _____

Así mesmo declaro por medio da presente e baixo a miña responsabilidade que :

- a) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da tarefas propias do posto.
- b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitacións físicas ou psíquicas que impidan ou sexan incompatibles co desenvolvemento das funcións do posto de traballo.





- c) Non se atopar incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente para contratar coa administración Pública.
- d) Non haber sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas por sentenza xudicial firme ou resolución administrativa.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

Información básica sobre protección de datos

Responsable: Concello de Pazos de Borbén

Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.

Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.

Destinatarios: Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información Adicional: Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección: <http://pazosdeborben.sedelectronica.gal/privacy>

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos datos do solicitante/representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Firma

En Pazos de Borbén, _____ de _____ de 20__

Segundo.- Solicitar o SEPE segundo base cuadraxésima primeira, capítulo III. Liña 3, activación do emprego 2025 das bases reguladoras do plan de obras e servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (liña 3) publicado no BOPPO nº1, do 2 de xaneiro de 2025,“... solicitarán os traballadores que necesiten mediante a presentación da correspondente oferta na oficina pública de emprego cos modelos normalizados para os efectos, facendo





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

referencia aos requisitos e características que deben reunir as persoas que sexan contratadas...”, **solicitando 5 persoas por posto.**

En Pazos de Borbén,

RESOLUCIÓN ASINADA POLO ALCALDE MEDIANTE CERTIFICADO ELECTRÓNICO, NA DATA QUE FIGURA NA MESMA SINATURA, EXTENDIDA AO MARXE DO DOCUMENTO.

DOU FE. A SECRETARIA-INTERVENTORA, MEDIANTE FIRMA DIXITAL AO MARXE.

